

Exp: 69176 ID: 670

PROVINCIA: LUGO	MUNICIPIO: MONFORTE
-----------------	---------------------

Nº 50.000 } 155
 } 156
 Nº Monte: 12

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

" S.^A. DE MAREJE y VILLAMAYOR y S.^A. DE CUBAS "

COMUNIDAD PROPIETARIA

MAREJE y VILLAMAYOR

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	31	7. 4 7	1

SUPERFICIE

HÉCTAREAS
 119

DE
MONTES VECINALES
EN
MANO COMÚN.

En la ciudad de Lugo a 29 de abril de 1977, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en "año Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación del monte de SIERRA DE MAREJE VILLAMAYOR Y SIERRA DE CUBAS, como monte vecinal en año común, a tenor de la siguiente resolución:

Visto en el día de la fecha el expediente, de clasificación del monte de SIERRA DE MAREJE; VILLAMAYOR Y SIERRA DE CUBAS; expediente nº 69/76, del ayuntamiento de Monforte, promovido a instancia de la Administración Forestal, y,

RESULTANDO.- Que con fecha de 7 de julio de 1976, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en "año Común, acordó la iniciación y tramitación del expediente de clasificación del monte de SIERRA DE MAREJE VILLAMAYOR Y SIERRA DE CUBAS designando como Instructor al Vocal D. Manuel Martínez Barrido, Ingeniero Jefe de I.C.O. "A.,

RESULTANDO.- Que con fecha de 15 de julio de 1976, se dictó Providencia dando comienzo al expediente de clasificación Nº 69/76, del ayuntamiento de Monforte, poniendo por cabeza del mismo, copia del acuerdo del Jurado Provincial de Montes Vecinales y la documentación aportada.

RESULTANDO.- Que con fecha de 15 de julio de 1976, se dictó Providencia, acordando requerir del ayuntamiento de Monforte de Lemos, para que aportara: a) Certificación del Registro de la Propiedad, relativa al monte de SIERRA DE MAREJE VILLAMAYOR; SIERRA DE CUBAS; b) Certificación del Inventario de Bienes Municipales, relativa al monte de SIERRA DE MAREJE VILLAMAYOR SIERRA DE CUBAS; c) Certificación del Acuerdo Municipal, relativo al consorcio con el Patrimonio Forestal, para la repoblación del citado monte.

RESULTANDO.- Que con fecha de 15 de Julio de 1976, se dictó Providencia, recabando de la Administración Forestal I.C.O.N.A., certificación relativa a si el monte de SIERRA DE MAREJE Y VILLAMAYOR Y SIERRA DE CUBAS, de la parroquia de Fiolleda, del ayuntamiento de Monforte de Lemos, figura incluido dentro del Catálogo de los montes de Utilidad Pública.

RESULTANDO.- Que con fecha de 15 de julio de 1976, se dictó Providencia acordando realizar la publicación de edicto en el B.O de la Provincia, y en el Tablón de Anuncios del ayuntamiento de Monforte de Lemos.

Fecha de Publicación en el B.O de la Provincia Nº 193, correspondiente al día 23 de agosto de 1976.

Fecha de exposición al Público en el Tablón de Anuncios del ayuntamiento según certificación del Secretario del mismo, tuvo lugar el día 18 de agosto 1976.

RESULTANDO.- Que con fecha de 2 de septiembre de 1976, se recibió certificación del Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza, en la que se acredita que el monte de SIERRA DE MAREJE Y VILLAMAYOR Y SIERRA DE CUBAS; está en parte incluido en el denominado SIERRA DE JUNQUERA; AGREGADOS; SIERRA DEVILLA MAYOR Y MONTE MAREJE; nº 56-C, del Catálogo de los de Utilidad Pública de la Provincia de Lugo.

RESULTANDO.- Que con fecha de 29 de Julio de 1976, se recibió certificación del ayuntamiento de Monforte, en la que se acredita que el monte de SIERRA DE JUNQUERA Y AGREGADOS Y SIERRA DE VILLAMAYOR Y MONTE MAREJE; está incluido en el Catálogo de Montes.

No figura inscrito en el Registro de la propiedad.

Figura acuerdo del Pleno del ayuntamiento para la repoblación del citado monte

RESULTANDO.- Que en la instrucción del expediente se han cumplido los trámites y formalidades que establecen la Ley de Montes Vecinales en mano Común, de 27 de Julio de 1968, y su Reglamento de 26 de febrero de 1970, así como la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de julio de 1958.

Vistas las citadas leyes Re lamentos y disposiciones de pertinente aplicación

CONSIDERANDO.- Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en "año Común tiene competencia y jurisdicción para conocer el expediente, el cual fue promovido por la Administración Forestal con capacidad y legitimación para ello, habiéndose formulado la iniciación y tramitación del expediente, en lugar, forma y tiempo todo ello a tenor de lo dispuesto en los artículos 10 y 11, de la Ley

de Montes Vecinales en "Mano Común" y 10 y 18 de su Reglamento.

CONSIDERANDO.- Que para determinar si un monte merece la clasificación de vecinal en mano común, se hace preciso concretar si en el mismo concurren los requisitos reales, que establecen los artículos 1º de la Ley de 27 de Julio de 1968, y 1º del Reglamento, a saber: a) Que su origen, en comunidad germánica o mano común, b) Que tal comunidad de vecinos no esté constituida formalmente en entidad municipal.


CONSIDERANDO.- Que el monte de SIERRA DE MAREJE; VILLAMAYOR Y SIERRA DE CUBAS están perfectamente identificados tanto por el ayuntamiento de Monforte, como por la Administración Forestal, y en tal concepto fué consorciado.

CONSIDERANDO.- Que cualquiera que hubiese sido la propiedad del monte en tiempo remotos, los efectos de la prescripción extraordinaria, regulados por el artículo 1959, del Código Civil, legitiman la titularidad de los actuales aprovechadores.

Este Jurado Provincial de Montes Vecinales en "Mano Común", en sesión del día de la fecha y a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, ha acordado:

1º.- Clasificar el monte de SIERRA DE MAREJE; VILLAMAYOR Y SIERRA DE CUBAS como describe el expediente 69/76, como monte vecinal en mano común, perteneciente a los vecinos de MAREJE Y VILLAMAYOR., de la parroquia de Piollada, ayuntamiento de Monforte de Lemos,

2º.- Que se remita certificación de la resolución firmada de este Jurado Provincial al Ingeniero Jefe de I.C.O.N.A., para la inscripción del monte a nombre de la comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el apartado a) del artículo 30 del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común,



Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N.º monte
LU	31	7.4/7.7	1

CLAVE DEL MONTE

3.- ESTADO FISICO

Ref. Índice

3.1 SITUACION, ALTITUD, ACCESOS.

Estos montes de MAREJE Y VILLAMAYOR están formados por dos parcelas independientes entre sí, separadas por las fincas particulares en el río de la Veiga. La más importante de estas es la llamada "SIERRA DE MAREJE Y VILLAMAYOR", situada al O. del citado río y en la margen derecha del mismo, formada por una gran loma que llega por el N. hasta el límite con el término municipal de Bóveda. La otra parcela es la llamada "SIERRA DE CUBAS", en la margen izquierda del citado río de La Veiga, formada por laderas que suben hacia el NE. hasta el mismo límite con el término municipal de Bóveda.

El terreno es uniformemente accidentado, con pendientes relativamente fuertes en las bajadas al río, y altitudes comprendidas entre los 400 y 543 m.

Los únicos accesos directos son los caminos de servicio desde el pueblo, enlazados por el S. con la carretera local de Tor a Aspera.

Prov. *	Munic. *	Teminal Proj. *	N.º monte
LU	31	7.4/7.7	1

Ref. Inmue.

CLAVE DEL MONTE

3.2 SUPERFICIE.

En conjunto 119 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25,000.

3.3 LINDEROS.

Los del conjunto de estos montes son:

N. y E.- Término municipal de Bóveda.

S. y O.- Fincas particulares.

3.4 DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

El unico límite destacable de estos montes de MAREJE Y VILLAMAYOR es el término municipal de Bóveda, cuya mojonera cruza por el N. hacia el SE. subiendo a Sierra de Cubas, donde después toma dirección N. S.

3.5 OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES.

El límite de este monte con fincas particulares no puede ser uy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido terrenos de monte que han sido parcelados. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al monte de referencia.

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prog.*	N.* monte
LU	31	7.4/7.7	1


Ref. Índice

CLAVE DEL MONTE

3.5

En caso de que este monte llegara a ser calificado como vecinal en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.

Término Bóveda de





Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,


CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **29 de outubro de 2019**, figura o seguinte acordo:


Monte Serra de Marexe, Vilamaior e Serra de Cubas (expediente 69/76), pertencente aos veciños dos lugares de Marexe e Vilamaior, da parroquia de Fiolleda, do concello de Monforte de Lemos. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17.09.2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. O 21.11.2018, tivo entrada escrito presentado por Dosinda Pan Lozano como representante da comunidade, no que solicita que se proceda á revisión do esbozo conforme á documentación que achega. O 22.08.2019, o Servizo de Montes, elabora unha proposta de novo esbozo (núm. 94/18) para o monte Serra de Marexe, Vilamaior e Serra de Cubas, nos termos que no dito informe se describen, quedando cunha superficie de 111 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o xurado, por unanimidade, acorda aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co dito.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servicio de Montes



Plano de. Carpeta 94/2018
Revisión de esbozo do monte veciñal en eman común de Marexe, Vilamaior e Serra de Cubas (69/76)

Monte: **Marexe, Vilamaior e Serra de Cubas**
Pertenza **Parroquia de Fiolleida**
Superficie previa **118 Ha**
Superficie posterior **111 Ha** Municipio: **Monforte de Lemos**

Escala: 1:9.000

Plano 3.A. Monte posterior (base catastral)

O xefe de Área
Coordenadas UTM_Sist. Ref: ETRS89

Santiago Fraga Sáenz
Santiago Fraga Sáenz

Monte_posterior

4718500
4718000
4717500
4717000
4716500

4718500
4718000
4717500
4717000
4716500

619500 620000 620500 621000 621500 622000 622500

619500 620000 620500 621000 621500 622000 622500

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
Expediente nº: 6/2019

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

M^a Olga Iglesias Fontal

VOGAIS:

Miguel Ángel Cela González

Josefina Pereira de la Riera

Antonio J. López Acuña Herrero

SECRETARIA:

Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día 20.12.2021, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, reunido e constituído polas persoas que á marxe se relacionan, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número **6/2019** para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **SERRA DE MAREXE, VILAMAIOR E SERRA DE CUBAS (ampliación)**, no concello de **MONFORTE DE LEMOS**, iniciado por acordo do xurado do 29.10.2019, do que é instrutora Lucía Belver Quiroga, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Na sesión do 29.10.2019 iníciase o expediente 6/2019 para a clasificación do MVMC de **Serra de Marexe, Vilamaior e Serra de Cubas (ampliación)**, a instancia da comunidade de Marexe e Vilamaior.

Na mesma sesión, desígnase a Lucía Belver Quiroga como instrutora do expediente, quen acepta o cargo o 8.11.2019.

II.- O día 20.10.2020 solicítase ao Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural unha certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

III.- O día 22.10.2020 o Servizo de Montes emite certificación na que consta que o devandito monte non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.



IV.- Os días 27.10.2020 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos**:

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

V.- O día 3.3.2021 ten entrada unha notificación da rexistradora da propiedade de Monforte de Lemos no que indica que suspende a expedición da certificación debido a que os datos aportados (referencias catastrais) son insuficientes.

VI.- O día 14.1.2021 notifícaselle ao solicitante o acordo do xurado do 11.1.2021 polo que se amplía o prazo de resolución por un ano máis.

VII.- O 12.3.2021 novamente é solicitado o certificado de asentos ao **Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos**.

VIII.- O 12.4.2021, O Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos presenta as certificacións solicitadas nas que acredita que non figuran inscricións das parcelas catastrais obxecto de clasificación.

IX.- O día 6.7.2021 comunícaselle a iniciación do expediente ao Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, con indicación do prazo para presentar alegacións.

X.- O día 6.7.2021 envíaselle unha comunicación ao Concello de Monforte de Lemos da a iniciación do expediente, con indicación do prazo para alegacións. Así mesmo, remíteselle un edicto para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello e nos lugares de costume da parroquia na que radica o monte.

XI.- O día 6.7.2021 comunícaselle á Xerencia Territorial do Catastro a iniciación do expediente coa identificación das referencias catastrais obxecto da clasificación.

XII.- O día 6.7.2021 comunícase a iniciación do expediente á comunidade solicitante de Marexe e Vilamaior, con indicación do prazo para presentar alegacións.



XIII.- O día 6.7.2021 comunícase a iniciación do expediente á comunidade MVMC Chao de Fabeiro xa que hai parcelas cuxo titular catastral figura monte *comunal de veciños de Chao de Fabeiro*.

XIV.- O día 6.7.2021 comunícase a tramitación do expediente ao Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos con indicación do prazo para alegacións. Así mesmo, solicítase a anotación preventiva.

XV.- O día 21.7.2021 sae publicado o anuncio no Diario Oficial de Galicia, mediante o que se fai público o inicio do expediente de clasificación do monte **Serra de Marexe, Vilamaior e Serra de Cubas (ampliación)**, así como a apertura dun prazo para presentar alegacións.

XVI.- O día 9.9.2021 ten entrada unha notificación da rexistradora da propiedade de Monforte de Lemos de suspensión da anotación preventiva debido a que os datos aportados resultan insuficientes para practicar os asentos. A solicitude dirixida á rexistradora é emendada e reiterada o 21.10.2021.

XVII.- As alegacións presentadas foron:

- Día 6.8.2021, pola **CMVMC Chao de Fabeiro**.
- Día 20.8.2021, por Juan C. de la Torre González, en calidade de alcalde pedáneo e como comuneiro de Chao de Fabeiro.
- Día 20.8.2021, po Juan Rodríguez Rodríguez, como comuneiro de Chao de Fabeiro.

Todos eles alegan sobre os terreos identificados na zona 2 do expediente e solicitan que queden fóra do procedemento de clasificación.

En síntese, expoñen o seguinte:

- Que as parcelas **27031A01700219**, **27031A00700076** (parcialmente) e **27031A00700090** (parcialmente) están situadas no monte coñecido como Serra de San Martiño e son monte comunal pertencente aos veciños da parroquia de Chao de Fabeiro.
- Que as parcelas **27031A00700099** e **27031A01700220** pertencen ao MVMC Serra de San Martiño, pertencente á CMVMC Chao de Fabeiro e así figura nas fichas catastrais aportadas.
- Que no Catastro de 1958 estas parcelas 99 e 90 eran unha única así como a 219 e 220, e as cinco parcelas tiñan como titulares: *común, común Chao de Fabeiro* ou *concello*.



- Que a inclusión das ditas parcelas na solicitude de clasificación non está respaldada por ningún documento que acredite a propiedade dos veciños de Marexe e Vilamaior.

XVIII.- O día 20.9.2021 envíaselle unha copia das alegacións aos promotores da clasificación, para que poidan formular as xustificacións ou aclaracións que considere oportunas. A comunidade de Marexe e Vilamaior non se manifesta sobre as alegacións presentadas.

XIX.- O día 5.11.2021 comunícaselle ao presidente da comunidade de Marexe e Vilamaior o dereito á elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz, pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente da ampliación do MVMC.

XX.- O día 29.11.2021 ten entrada unha notificación do Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos-Quiroga pola que comunica a práctica da anotación preventiva solicitada.

XXI.- O presente procedemento quedou suspendido coa aprobación do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que na súa disposición adicional terceira estableceu con carácter xeral a suspensión dos prazos administrativos.

A dita suspensión foi levantada pola Resolución de 20.5.2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, que no punto 10º derroga a disposición anterior e establece a reanudación dos prazos o 1.6.2020.

FUNDAMENTO DE DEREITO

I.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

II.- De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, ou seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.



III.- Examinada a documentación do presente expediente, e tendo en conta as alegacións presentadas, realízanse as seguintes consideracións:

1º.- Respecto das parcelas 27031A01700220 e 27031A00700099.

Tal e como se manifesta nos escritos de alegacións presentados neste expediente, as ditas parcelas constan no Catastro Inmobiliario como de titularidade da comunidade do MVMC de Chao de Fabeiro, con NIF. V27260207.

Neste senso, hai que ter en conta o disposto no artigo 3.3. do Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (en adiante RDL. 1/2004): "Salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos."

Tal presunción non resultou destruída pola comunidade solicitante da ampliación – que non presentou ningunha alegación co traslado das alegacións que reflectían a dita realidade – o que é motivo suficiente para excluír as ditas parcelas da clasificación como monte veciñal en man común dos veciños de Marexe e Vilamaior.

2º.- Respecto das parcelas 27031A007000760000YW, 27031A007000900000YT e 27031A007002190000YJ.

Tal e como se manifesta nos escritos de alegacións presentados neste expediente, as ditas parcelas constan no Catastro Inmobiliario como de titularidade do "monte comunal de veciños de Chao de Fabeiro".

Tal alusión é claramente indicativa dun monte de natureza procomún ligado á veciñanza, isto é, a un monte veciñal en man común, referíndose ao grupo social concreto de pertenza (os veciños de Chao de Fabeiro). Este criterio o avala a xurisprudencia dos nosos altos tribunais, que ven reiteradamente manifestando que os montes "comunais" de Galicia son montes veciñais en man común, sendo os primeiros unha mera ficción xurídica froito do intervencionismo administrativo que sufriron este últimos. (vid. as seguintes sentenzas do TSXG: sentenza nº 80/2015, de 26 de febreiro, sentenza 19/2010, de 20 de xullo; sentenza 6/2011 de 22 de febreiro, entre outras).

Isto, unido ao feito de que o Concello non fixo ningunha manifestación sobre a posible consideración "comunal" dos terreos, que a comunidade solicitante da ampliación no rebateu o alegado, e que, segundo se indica nas alegacións, existen outros indicios, tanto no Catastro Histórico de Rústica, como derivados do nome do monte ("Serra de San Martiño") que conforman estes terreos, hai xustificación suficiente para excluír as ditas parcelas da clasificación como monte veciñal en man común dos veciños de Marexe e Vilamaior.



Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito, O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man común **RESOLVE:**


CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:



Nome: **Serra de Marexe, Vilamaior e Serra de Cubas (ampliación)**
Pertenza: **Veciños de Marexe e Vilamaior**
Parroquia: **Fiolleda**
Concello: **Monforte de Lemos**
Superficie: **4,9 hectáreas**

Na seguinte táboa, indícanse as referencias catastrais das parcelas obxecto de clasificación así como das estremeiras:

Parcela obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
27031A00600080 27031A00700001	Norte	27008A02600226
	Leste	27008A02600222
	Sur	27031A00709001
		27031A00609016
	Oeste	27031A00600097
		27031A00600096
		27031A00600095
		27031A00600092
		27031A00600082
		27031A00600081
	27031A00600079	
	27031A00600068	


Tendo en conta esta ampliación, o MVMC Serra de Marexe, Vilamaior e Serra de Cubas pasa a ter unha superficie total de 115,9 hectáreas.




 <p>XUNTA DE GALICIA</p> <p>CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servizo de Montes</p>			
Plano de: Carpeta 95/2018		Monte: Marexe, Vilamaior e Serra de Cubas	
Ampliación do monte veciñal en eman común de Marexe, Vilamaior e Serra de Cubas (69/76)		Pertenza Parroquia de Fiolleda	
		Superficie previa 111 Ha	Municipio: Monforte de Lemos
		Superficie posterior 115,9 Ha	
Escala: 1:8.000	Plano 2. Monte previo e proposta de ampliación (base catastral)	O xefe de Área (asinado dixitalmente)	Visto e prace O xefe do Servizo de montes (asinado dixitalmente)
Coordenadas UTM_SisI. Ref.: ETRS89			
 Parcelas ampliacion_2			
 Monte_previo			

CVE: M8zC686vct
 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes



Plano de: Carpeta 95/2018
Ampliación do monte veciñal en eman común
de Marexe, Vilamaior e Serra de Cubas
(69/76)

Monte: **Marexe, Vilamaior e Serra de Cubas**
Pertenza **Parroquia de Fiolleda**
Superficie previa **111 Ha**
Superficie posterior **115,9 Ha** Municipio: **Monforte de Lemos**

Escala: 1:8.000

Plano 3. Monte posterior

O xefe de Área Visto e prace
(asinado dixitalmente) O xefe do Servizo de montes
(asinado dixitalmente)

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89

Monte_posterior_2

CVE: M8zCq66w1
 Verificador: https://sede.xunta.gal/cve

